Federación de Servizos á Cidadanía

Sección Sindical
Deputación da Coruña
ccoo@dacoruna.gal
www.fsc.ccoo.es/galicia

AGRADECEMOS ÁS MÁIS DE 200 PERSOAS QUE CONFIARON NA CANDIDATURA DE CCOO, OUTORGÁNDONOS UN RESULTADO HISTÓRICO AO INCREMENTAR NUN 33% OS NOSOS RESULTADOS DAS ANTERIORES ELECCIÓNS

CCOO GAÑA CON CONTUNDENCIA AS ELECCIÓNS DE FUNCIONARIOS OBTENDO 7 REPRESENTANTES CON PRETO DUN TERZO MÁIS DE APOIOS QUE O SEGUNDO, UGT, UN 40% MÁIS QUE CIG E UN 80% MÁIS QUE CSIF

QUEREMOS SUBLIÑAR A ACTITUDE DE UGT E, INCLUSO DE CSIF, QUE TRAS O RECONTO RECOÑECERON A NOSA VICTORIA FELICITÁNDONOS POLO RESULTADO OBTIDO

Grazas, grazas e mil grazas polo voso grande apoio, todo o esforzo e sacrificio realizado durante estes catro anos pega a pena ao ver como soubeches valoralo a pesar dalgúns dos ataques recibidos durante estes anos.

Agradecemos ás máis de 200 persoas que confiaron na candidatura de CCOO, outorgándonos un resultado histórico ao incrementar nun 33% os nosos resultados das anteriores eleccións. Non cabe dúbida que os traballadores e traballadoras da Deputación da Coruña falaron alto e claro ao apoiar masivamente unha acción sindical baseada no pragmatismo, o diálogo e a empatía que posibilitará profundar nas canles de dialogo que CCOO conseguiu tecer co Goberno provincial. Unha acción sindical que se basea no sindicalismo de clase e na defensa ecuánime de todos e todas.

	2015		2019		Diferenza	
	Votos	Representantes	Votos	Representantes	Votos	%
CCOO	153	6	203	7	+50	+33%
UGT	123	4	144	5	+21	+17%
CIG	131	5	123	4	-8	-6%
CSIF	54	2	41	1	-13	-24%

CCOO gaña con contundencia as eleccións de funcionarios obtendo 7 representantes con preto dun terzo máis de apoios que o segundo, UGT, un 40% máis que CIG e un 80% máis que CSIF. CCOO obtén unha ampla vitoria en dúas das tres mesas electorais e acada o segundo posto na terceira.

	Mesa coordinadora	Mesa 2 Calvo Sotelo	Mesa 3 Emilio Romay	**TOTAL**
CCOO	110 votos	46 votos	47 votos	**203** votos
UGT	63 votos	58 votos	23 votos	**144** votos
CIG	68 votos	22 votos	33 votos	**123** votos
CSIF	29 votos	8 votos	4 votos	**41** votos

Queremos subliñar a actitude de UGT e, incluso de CSIF, que tras o reconto recoñeceron a nosa vitoria, felicitándonos polo resultado obtido. Asemade agradecemos a vosa participación a todos e todas os que democraticamente votaches nestas eleccións.

Por último, **saudamos os resultados obtidos por UGT que o converten na segunda opción sindical na Deputación, precisamente con que concordamos en máis puntos e con quen acadamos maior número de acordos** para o beneficio do persoal ao longo destes catro anos.